

I plan igualdade intercentros

2019 - 2022

INFORMACIÓN
EMPODERAMENTO
ESCOLA FEMINISMO ANPAS
corresponsabilidade RESPECTO
IGUALDADE
COEDUCACIÓN profesorado tempo actual
alumnado
políticas de igualdade XÉNERO

I PLAN DE IGUALDADE INTERCENTROS

Concello de Bueu

2019 - 2022

Edita:

Concello de Bueu

Eduardo Vicenti, 8 – 36930 Bueu

Tfno.: 986 324 395 e Fax.: 986 324 339

Enderezo electrónico.: cim@concellodebueu.gal

Participan:

CEIP Plurilingüe A Pedra

CEIP Plurilingüe A Torre-Cela

CEIP Plurilingüe Montemogos de Beluso

CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa

IES Illa de Ons

IES Johan Carballeira

Índice

1. Introducción	5
2. Marco lexislativo	6
3. Metodoloxía	9
4. Principios orientadores e estrutura	12
5. Resultado da diagnose	17
5.1. Alumnado, profesorado e persoal non docente e participación en órganos de xestión e participación	17
5.2. Modelo organizativo dos centros	19
5.3. Sensibilización e formación do profesorado	20
5.4. Uso de linguaxe inclusiva	20
5.5. Docencia e material educativo	20
5.6. Desenvolvemento persoal do alumnado	21
6. Liñas estratéxicas de actuación	22
6.1. Liña 1: Modelo de escola coeducativa	22
6.2. Liña 2: Desenvolvemento curricular non sexista	29
6.3. Liña 3: Orientación con enfoque de xénero	34
6.4. Liña 4: Modelo de convivencia igualitario	38
7. Avaliación	46
Anexos	47
Anexo I. Ficha de seguimento das actuacións	47
Anexo II. Ficha de avaliación das actuacións	54
Anexo III. Glosario de termos	56

1. INTRODUCCIÓN

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

O I Plan de Igualdade Intercentros do Concello de Bueu é un proxecto impulsado polo concello de Bueu a través do Centro de Información ás Mulleres en colaboración con todos os centros educativos do concello de Bueu: CEIP Plurilingüe A Pedra, CEIP Plurilingüe A Torre-Cela, CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa, CEIP Plurilingüe Montemogos de Beluso, IES Illa de Ons e IES Johan Carballeira.

Esta iniciativa é unha aposta innovadora, que permite dar cumprimento á actuación 2.2.1 establecida no IV Plan de Igualdade do Concello de continuar concienciando á comunidade educativa en materia de igualdade, e o compromiso do concello de seguir traballando a prol da igualdade entre mulleres e homes.

As liñas que rexerán a actuación deste Plan serán traballar na construción dun modelo coeducativo na formación que permita un cambio nas prácticas sociais que dificultan o desenvolvemento dunha verdadeira igualdade de oportunidades, para isto é clave a formación do profesorado, e deste xeito poder incluír a perspectiva de xénero nos contidos educativos e na práctica docente.

Este primeiro Plan de Igualdade Intercentros de Bueu pretende ser un documento de traballo, unha ferramenta práctica concibida e feita a medida das necesidades dos centros educativos de Bueu, para promover a coeducación como modelo educativo dos centros de ensino do Concello, e deste xeito facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia; propiciar a igualdade de oportunidades entre a comunidade educativa e o desenvolvemento de medidas dirixidas á eliminación da discriminación contras as mulleres a través da educación emocional e resolución pacífica de conflitos.

2. MARCO LEGISLATIVO

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta.

O marco legislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

No preámbulo da **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

A **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes** establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.

O artigo 17 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuízos nos centros docentes.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Ademais destas medidas lexislativas, para a elaboración do I Plan de Igualdade Intercentros, tamén se tivo en conta a seguinte lexislación e a normativa:

Estatal

- Constitución Española de 1978
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Autonómica

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004. Núm. 149)
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007. Núm. 72)
- Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007. Núm. 140)
- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).

- VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013 - 2015)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

Local

- I Plan de igualdade de oportunidades do Concello de Bueu (2005-2008)
- Informe de avaliación I Plan de igualdade de oportunidades do Concello de Bueu.
- II Plan de Igualdade do Concello de Bueu (2009-2011).
- Informe de avaliación II Plan de igualdade do Concello de Bueu.
- III Plan de Igualdade do Concello de Bueu (2014-2017).
- Informe de avaliación III Plan de igualdade do Concello de Bueu.
- IV Plan de Igualdade do Concello de Bueu (2018-2021).

3. METODOLOXÍA

Na elaboración deste I Plan de Igualdade Intercentros leváronse a cabo as seguintes fases:

- **Primeira fase.**
Creación do Grupo de Traballo de centros educativos pola igualdade
- **Segunda fase**
Diagnose da igualdade nos centros
- **Terceira fase**
Elaboración do Plan de Igualdade Intercentros
- **Cuarta fase**
Edición e comunicación
- **Quinta fase**
Seguimento e avaliación

Primeira fase

CREACIÓN GRUPO DE TRABAJO CENTROS EDUCATIVOS POLA IGUALDADE

Nesta primeira fase, previo compromiso de cada centro de apostar pola educación en igualdade, creouse un Grupo de traballo de Centros Educativos pola Igualdade (CEPI) integrado polo Centro de Información ás Mulleres (CIM) e representantes do CEIP Plurilingüe A Pedra, CEIP Plurilingüe A Torre-Cela, CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa, CEIP Plurilingüe Montemogos de Beluso, IES Illa de Ons e IES Johan Carballeira. Cada centro nomeou a unha persoa responsable da coordinación para facer de canle de comunicación entre o seu centro e o Centro de Información ás Mulleres. Presentouse a metodoloxía de traballo e planificáronse as actuacións e os tempos para o desenvolvemento e elaboración do Plan.

Segunda fase

DIAGNOSE DA IGUALDADE NOS CENTROS

Para coñecer o punto de partida en materia de igualdade, a cada centro solicitóuselle o envío dos seguintes *documentos internos*: NOF (Normas de Organización e Funcionamento), Proxecto Educativo de Centro (PE), Concreción Curricular de Centro (CCC), Programación Xeral Anual (PXA), Plan de Orientación Académico Profesional (POAP), Plan de Acción Titorial (PAT) e información sobre *datos desagregados por sexo* do alumnado por curso, profesorado, xefatura de departamentos, equipo directivo, departamentos, titorías e persoal non docente, persoal de administración e servizos, asociacións de nais e pais, composición do consello escolar, datos sobre resultados académicos obtidos por curso, datos sobre absentismo escolar... Posteriormente, solicitouse información sobre aspectos concretos sobre a visión da igualdade en cada centro, a través dunhas *fichas autoavaliativas*.

Unha vez recollido todo o material, procedeuse a realizar unha análise cuantitativa e cualitativa da información achegada dende a perspectiva de xénero que permitiu visibilizar as desigualdades, as fendas e os atrancos que aínda existen por mor do xénero e que servirán de base para delimitar as liñas de actuación estratéxica do Plan Intercentros de Bueu.

Terceira fase

ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE INTERCENTROS.

Identificadas as debilidades e fortalezas en materia de igualdade nos centros, establecéronse as liñas que se consideran de prioritaria intervención así como os obxectivos e as actuacións de cada liña. Elaborouse un borrador coas principais conclusións derivadas da diagnose, documento que foi consensuado cos centros nunha reunión, onde se analizaron todos os aspectos recollidos no mesmo e se recolleron as suxestións, consideracións ou achegas de mellora propostas polas persoas coordinadoras de cada centro.

Cuarta fase

EDICIÓN E COMUNICACIÓN.

Unha vez recollida toda a información realizouse a comunicación das principais conclusións e actuacións propostas no plan aos diferentes centros implicados.

Por último procedeuse á presentación do borrador do I Plan de Igualdade Intercentros do concello de Bueu.

Quinta fase

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Na última fase levouse a cabo unha planificación da execución do Plan e deseñáronse os instrumentos de seguimento e avaliación. Estes documentos foron supervisado polos centros nunha última reunión, onde se presentou o borrador final do Plan.

Dicir que este Plan de Igualdade Intercentros é unha primeira toma de contacto para incorporar a práctica coeducativa nos centros, debido a que é unha tarefa complicada en canto que supón cambiar un modelo pedagóxico que leva moitos anos instaurado. Este novo modelo de actuar en igualdade irá mellorándose cos anos de traballo.

4. PRINCIPIOS ORIENTADORES E ESTRUTURA

Para a elaboración do I Plan de Igualdade Intercentros tivéronse en conta unha serie de **principios orientadores** que sustentarán a implementación da educación en igualdade nos centros.

Transversalidade


O principio de igualdade entre homes e mulleres ten que estar presente no conxunto de accións levadas a cabo polos centros educativos. O enfoque transversal supón integrar a perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que afecten á comunidade educativa.

Visibilidade

Este I Plan incorpora medidas e actuacións concretas que poñen o acento na necesidade de visibilizar ás mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade, xa que as mulleres son as grandes ausentes nos materiais didácticos e libros de textos. Por iso é necesario visibilizar as súas achegas ao mundo das artes, política, ciencia..., poñendo en valor a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade.

Inclusión

As medidas e actuacións deben dirixirse ao conxunto da comunidade educativa creando relacións en igualdade entre mulleres e homes. A participación equilibrada de mulleres e homes na toma de decisións e a presenza paritaria en diferentes ámbitos e categorías profesionais debe responder a criterios de capacidade e formación equiparables e gozar de similar consideración.

Figura 1: Principios orientadores do I Plan de Igualdade Intercentros.

Partindo destes principios orientadores, xorden as seguintes liñas estratéxicas de actuación que se concretan en catro obxectivos xerais.

LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

Liña 1: *Modelo de escola coeducativa*

Liña 2: *Desenvolvemento curricular non sexista*

Liña 3: *Orientación con enfoque de xénero*

Liña 4: *Modelo de convivencia igualitario*

Os obxectivos xerais de cada liña de actuación son os seguintes:

- **Liña 1: Modelo de escola coeducativa**

Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro.

- **Liña 2: Desenvolvemento curricular non sexista**

Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos.


- **Liña 3: Orientación con enfoque de xénero**

Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal, académica e profesional.

- **Liña 4: Modelo de convivencia igualitario**

Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade, promover o cambio das relacións entre mulleres e homes e a responsabilidade do profesorado

Figura 2: Obxectivos e liñas de actuación do I Plan de Igualdade Intercentros



En canto á estrutura do I Plan de Igualdade Intercentros, parte dunha diagnose da situación da igualdade nos centros, da cal derivan as liñas estratéxicas e os obxectivos e actuacións concretas. En cada actuación sinalanse os axentes implicados na súa execución, os indicadores de avaliación para medir o grao de cumprimento das actuacións e a temporización. Finalmente, recóllese a avaliación do plan para coñecer a efectividade das actuacións realizadas e o impacto de xénero.

Figura 3: Estrutura do Plan



5. RESULTADO DA DIAGNOSE

A hora de levar a cabo unha experiencia coeducativa, como é a elaboración dun Plan de Igualdade Intercentros, é necesario realizar unha análise previa do contexto para coñecer o punto de partida en relación á igualdade.

A continuación, preséntase unha diagnose da igualdade nos centros derivadas da análise dos documentos internos e das fichas autoavaliativas, á marxe das cuestións particulares e específicas de cada centro.

5.1. Alumnado, profesorado e persoal non docente e Participación en órganos de xestión e participación

Segundo os datos achegados polos centros, amosan que practicamente en todas as etapas educativas case existe equilibrio na matrícula de mulleres e homes. As diferenzas máis acusadas visibilízanse nos ciclos formativos de grao medio e superior, diferenzas derivadas polo tipo de familias profesionais ofertadas. Así, nos ciclos de grao medio ao redor do 60% da matrícula é feminina, ao ser graos de Soldadura e Caldeirería, Xestión administrativa, Peiteado e Cosmética Capilar e Estética e beleza; mentres que nos ciclos de grao superior que engloba os ciclos de Construcións metálicas e Administración e Finanzas os datos invértense, sendo a porcentaxe de homes matriculados superior ao 70%.

Táboa 1: Alumnado matriculado en centros de ensinanza.
Curso 2017-18

Ensinanzas	Alumnas	Alumnos	Total
Educación infantil	126	144	270
Educación primaria	267	310	577
Educación secundaria obrigatoria	176	204	380
Bacharelato ordinario	62	54	116
Bacharelato adultos	27	56	83
Formación profesional básica	15	19	34
Educación secundaria para persoas adultas	17	22	39
Ciclos formativos de grao medio	61	36	97
Ciclos formativos de grao superior	16	38	54
TOTAL	767	883	1 650

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos a través dos datos achegados polos centros

Outro dato a destacar é que as alumnas teñen unha taxa de promoción lixeiramente superior aos alumnos en todas as etapas educativas.

Os datos sobre o persoal docente amosan unha feminización da profesión docente, é máis do dobre o número de mulleres que traballan.

A análise por nivel educativo revela unha presenza tamén maioritariamente feminina en todos os niveis, a excepción da educación secundaria para persoas adultas onde o número de homes é superior ao de mulleres. Destacar a practicamente inexistencia de homes docentes nas primeiras etapas educativas, infantil e primaria, onde a representación é inferior ao 20%, cifras que se recuperan en niveis superiores. Ao igual que a maioría do persoal dos departamentos de orientación, do equipo directivo, e dos cargos de responsabilidade e xestión son mulleres, aínda que se trata de garantir a paridade nestes órganos de decisión.

Táboa 2: Profesorado nos centros de ensinanza.
Curso 2017-2018

Ensinanzas	Profesoras	Profesores	Total
Educación infantil	18	1	19
Educación primaria	42	8	50
Profesorado especialista	4	3	7
Educación secundaria obrigatoria	48	20	68
Bacharelato	20	11	31
Programas de cualificación profesional inicial	14	4	18
Bacharelato persoas adultas	7	7	14
Educación secundaria para persoas adultas	2	4	6
Ciclos formativos de grao medio	13	9	22
Ciclos formativos de grao superior	9	6	15
TOTAL	159	72	231

Fonte: elaboración propia a partir dos datos obtidos a través dos datos achegados polos centros

A feminización do traballo nos centros tamén se fai visible no persoal non docente, que é maioritariamente feminino e ocupa postos estereotipados. A maioría das mulleres traballan en actividades de limpeza e coidado, mentres que os homes teñen unha escasa representación e as labores que exercen son maioritariamente a de conserxe.

En canto á participación nos consellos escolares, é relevante a existencia unicamente de representación feminina nestes órganos colexiados, o que pon de manifesto que seguen a ser as mulleres as que se ocupan da educación das súas fillas e fillos. Esta mesma situación tamén se visibiliza na elevada participación das mulleres nas Asociacións de nais e pais e na presidencia das mesmas.

5.2. Modelo organizativo dos centros

A súa estrutura organizativa non é neutra desde o punto de vista da igualdade, de aí que nos documentos de funcionamento e particularmente no Proxecto Educativo de Centro aparece como un valor a promover a integración e fomento da igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de sexo, tanto na súas finalidades como nos obxectivos concretos.

Ao respecto, tamén hai que destacar que hai centros que contan cun Observatorio de Convivencia Escolar ou unha Comisión de Convivencia onde hai unha persoa representante dos programas de coeducación. Asemade, entre os obxectivos dos plans de convivencia recóllese o fomento da igualdade entre homes e mulleres e propóñense actividades para a sensibilización contra a violencia machista.

O traballo por unha educación igualitaria, visibilízase na aposta firme por parte do equipo directivo e do profesorado de levar a cabo accións que favorezan a igualdade, accións que son de relevancia para sensibilizar e desenvolver no alumnado un cambio de actitudes.

Estas actuacións lévanse a cabo maioritariamente con motivo de datas sinaladas (8 de marzo, 25 de novembro...) ou ben a iniciativa do profesorado que está sensibilizado co tema. Nesta liña, é necesario destacar o traballo en colaboración co Centro de Información ás

Mulleres do concello de Bueu na organización e participación en actividades a prol da igualdade.

A pesar de que en todos os centros existe vontade de traballar a promoción da igualdade, na maioría non existe un enfoque estratéxico para a planificación e o desenvolvemento da intervención coeducativa, senón que queda a iniciativa do profesorado que está sensibilizado co tema.

5.3. Sensibilización e formación do profesorado

O equipo directivo dos centros leva a cabo unha aposta firme pola coeducación ao igual que o profesorado que está sensibilizado coa igualdade e amósase predisposto a traballar desde a perspectiva de xénero a través tanto da súa implicación en accións puntuais como na práctica diaria.

A formación do profesorado é clave para poder abordar procesos de inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e prácticas educativas. Neste sentido, o profesorado participa ou participou en cursos de capacitación para integrar a igualdade no currículo ao mesmo tempo que nalgúns centros se demanda a oferta de formación especializada en xénero.

5.4. Uso de linguaxe inclusiva

Na maioría dos centros non existe unha planificación da linguaxe empregada na documentación xeral, no material didáctico, nos rótulos. Non obstante, si é certo que se presta especial atención a este tema e se procura evitar o uso dunha linguaxe sexista tanto como medio vehicular na relación docente discente como na linguaxe icónica.

5.5. Docencia e material educativo

Na práctica totalidade dos centros, non se revisan os contidos dos materiais utilizados e a aplicación do enfoque coeducativo case é un asunto privado de cada profesor/a.

No que respecta aos materiais educativos, nalgúns centros o profesorado procura seleccionar libros de texto e de consulta que transmitan unha visión non sexista e noutros lévanse a cabo accións puntuais para corrixir os contidos sexistas identificados.

5.6. Desenvolvemento persoal do alumnado

Nalgúns centros desenvólvense actuacións puntuais en resposta a certas situacións que se producen. Noutros realízanse periodicamente obradoiros sobre diferentes aspectos, como prevención da violencia ou condutas de risco asociadas a un ou outro xénero. Por outra banda son moi poucas as actuacións que se levan a cabo relacionadas coa orientación persoal, escolar ou profesional non sexista.

A diagnose presentada amosa unha realidade na que existe unha clara aposta por parte do profesorado de traballar a prol da igualdade; non obstante, é necesario seguir potenciando a introdución da perspectiva de xénero nas dinámicas educativas a través da proposta de actuacións específicas que se comprometan a traballar na transversalidade de xénero.

6. LIÑA ESTRATÉXICA DE ACTUACIÓN

6.1. Liña 1: Modelo de escola coeducativa

Obxectivo

Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro

Actuación 1.1.

- *Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro (PE, CCC, PAT...) se contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre mulleres e homes*

Implicación na execución

- Profesorado
- Consello Escolar
- Responsables departamentos

Indicadores de avaliación

- Documentos revisados
- Documentos actualizados

Temporalidade

- 2019, 2020

Actuación 1.2.

- *Difundir o Plan de Igualdade Intercentros entre toda a comunidade educativa*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Responsables departamentos
- Profesorado
- ANPAS

Indicadores de avaliación

- Núm. de exemplares da publicación distribuídos
- Núm. de presentacións realizadas
- Núm. de reunións
- Núm. e tipo de canle de difusión

Temporalidade

- 2019

Actuación 1.3.

- *Promover a formación en igualdade do persoal do centro*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Responsables de departamentos
- Profesorado
- Persoal non docente

Indicadores de avaliación

- Desenvolvemento da actividade
- Núm. de persoas participantes na formación
- Núm. de accións formativas levadas a cabo
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 1.4.

- *Promover a participación do profesorado de cada centro na formación de prácticas coeducativas*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Profesorado
- Responsables de departamentos

Indicadores de avaliación

- Núm. de accións coeducativas que se incorporaron á práctica docente
- Desenvolvemento da actividade
- Núm. de persoas participantes na formación
- Núm. de accións formativas levadas a cabo
- Grao de satisfacción das persoas participantes

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 1.5.

- *Crear unha Comisión Permanente de Igualdade no centro, coa figura dun/dunha docente responsable na área de coeducación*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Comunidade educativa (persoas que de xeito voluntario queiran participar na Comisión Permanente de Igualdade)
- ANPAS

Indicadores de avaliación

- Creación da Comisión Permanente de Igualdade
- Nomeamento da persoa responsable na área de coeducación
- Núm. de persoas que a compoñen e sectores implicados
- Núm. de intervencións realizadas e compromisos desenvolvidos
- Nivel de participación
- Nivel de implicación das persoas integrantes

Temporalidade

- 2019

Actuación 1.6.

- *Promover o nomeamento dunha persoa coordinadora do Plan no centro (persoal docente) e outra dentro do Consello Escolar (nai/pai).*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Consello Escolar
- Responsables de departamentos
- Profesorado
- ANPAS

Indicadores de avaliación

- Nomeamento da persoa coordinadora do Plan no centro
- Nomeamento da persoa coordinadora no Consello Escolar

Temporalidade

- 2019

Actuación 1.7.

- *Promover o acceso en paridade aos ciclos formativos*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Profesorado
- ANPAS

Indicadores de avaliación

- Número de medidas adoptadas
- Canles de difusión
- Núm. de profesorado implicado
- Núm. de nais e pais implicados
- Núm. de alumnos e alumnas que accederon

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 1.8.

- *Promover a formación en igualdade no ensino de persoas adultas*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de orientación
- Titores/as
- Profesorado

Indicadores de avaliación

- Núm. de persoas que recibiron formación
- Núm. de accións formativas levadas a cabo
- Grao de satisfacción do alumnado participante

Temporalidade

- 2020, 2021

Actuación 1.9.

- *Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Responsables de departamentos
- Consello Escolar
- Persoal non docente
- Profesorado
- ANPAS

Indicadores de avaliación

- Núm. e tipo de documentos revisados
- Núm. e tipo de documentos modificados
- Núm. de departamentos implicados na execución

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 1.10.

- *Revisar o contido da Web, plataformas, blogs... para darlle un enfoque coeducativo.*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Persoal non docente
- Profesorado
- Responsables de departamentos

Indicadores de avaliación

- Páxinas revisadas e modificadas
- Blogs revisados e modificados
- Contidos novos creados

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 1.11.

- *Integrar un espazo permanente para a Igualdade na páxina web do centro.*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Persoal non docente
- Profesorado
- Departamento de orientación

Indicadores de avaliación

- Espazo web creado
- Núm. de actualizacións realizadas

Temporalidade

- 2021

Actuación 1.12.

- *Optar á implementación da materia de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO.*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Profesorado
- Departamento de orientación

Indicadores de avaliación

- Materia implementada no centro
- Alumnado que cursa a materia
- Grao de satisfacción do alumnado

Temporalidade

- 2019 e 2020

Actuación 1.13.

- *Crear un espazo na biblioteca do centro relacionado coa igualdade de xénero.*

Implicación na execución

- Profesorado responsable da biblioteca
- Equipo directivo
- Departamento de orientación

Indicadores de avaliación

- Espazo creado
- Nº de publicacións
- Nº de novas adquisicións
- Grado de satisfacción das persoas usuarias do espazo

Temporalidade

- 2019

2. Liña 2: Desenvolvemento curricular non sexista

Obxectivo

Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos

Actuación 2.1.

- *Examinar os contidos e materiais empregados nos procesos educativos para evitar incluír elementos sexistas*

Implicación na execución

- Profesorado
- Responsables de departamentos

Indicadores de avaliación

- Nº de materiais revisados
- Nº de materiais e contidos cambiados
- Nivel de implicación do profesorado

Temporalidade

- 2020, 2021 e 2022

Actuación 2.2.

- *Incorporar a perspectiva de xénero nas programacións didácticas dos distintos niveis e materias.*

Implicación na execución

- Profesorado
- Responsables de departamentos

Indicadores de avaliación

- Nº de programacións revisadas
- Nº de programacións modificadas
- Nivel de implicación do profesorado

Temporalidade

- 2020, 2021 e 2022

Actuación 2.3.

- Realizar actividades concretas *nas programacións das materias dirixidas a visibilizar as achegas das mulleres á humanidade en diferentes ámbitos, incidindo especialmente nas mulleres do municipio (Ex. Feira de Ciencia e Literatura)*

Implicación na execución

- Profesorado
- Responsables de departamentos
- Titores/as

Indicadores de avaliación

- Documentos revisados

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 2.4.

- *Adquirir recursos e materiais coeducativos para o centro*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Responsables departamentos
- Titores/as

Indicadores de avaliación

- Nº de recursos e materiais adquiridos

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 2.5.

- *Potenciar o uso de materiais e libros de texto que non conteñan estereotipos sexistas*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Responsables departamentos
- Titores/as
- ANPAS
- Comunidade educativa

Indicadores de avaliación

- Documentos revisados

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 2.6.

- *Crear un banco de materiais coeducativos para compartir entre os centros*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Responsables departamentos e seminarios
- Profesorado
- Titores/as

Indicadores de avaliación

- Creación do banco de materias coeducativos
- Nº de materias que o integran
- Nivel de implicación do profesorado

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 2.7.

- *Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula*

Implicación na execución

- Profesorado
- Titores/as

Indicadores de avaliación

- Desenvolvemento da participación igualitaria na aula
- Nº de actividades
- Nivel de implicación do profesorado

Temporalidade

- 2020, 2021 e 2022

Actuación 2.8.

- *Detectar situacións de desigualdade que se poidan dar no centro educativo, especialmente na aula*

Implicación na execución

- Profesorado
- Titores/as
- Responsables de departamentos

Indicadores de avaliación

- Nº de situacións detectadas
- Nº de situacións corrixidas

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 2.9.

- *Incorporar a materia de libre configuración autonómica de "Igualdade de Xénero"*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Profesorado
- Tutores/as
- Responsables de departamentos

Indicadores de avaliación

- Incorporar a materia

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

6.3. Liña 3: Orientación con enfoque de xénero

Obxectivo

Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal, académica e profesional

Actuación 3.1.

- *Incluír no Plan de Orientación e Acción Titorial actuacións dirixidas a promover a coeducación*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Profesorado
- Titores/as
- Departamento de Orientación

Indicadores de avaliación

- Núm. de actuacións incluídas

Temporalidade

- 2020

Actuación 3.2.

- *Organizar sesións de titoría enfocadas a realizar actividades de promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero*

Implicación na execución

- Profesorado
- Titores/as
- Departamento de Orientación

Indicadores de avaliación

- Desenvolvemento das sesións
- Núm. de sesións realizadas
- Implicación de titores e titoras
- Grao de satisfacción do alumnado

Temporalidade

- 2019

Actuación 3.3.

- *Incentivar proxectos coeducativos dirixidos ás ANPAS*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Profesorado
- ANPAS

Indicadores de avaliación

- Nº de proxectos
- Núm. de persoas participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2020 e 2022

Actuación 3.4.

- *Participar en obradoiros de elección profesional non sexistas dirixidos ao alumnado e as súas familias*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de orientación
- Titores/as
- Familias
- ANPAS

Indicadores de avaliación

- Núm. de obradoiros realizados
- Núm. de alumnado participante
- Núm. de familias participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2020 e 2022

Actuación 3.5.

- *Realizar obradoiros de corresponsabilidade e supervivencia doméstica para mozas e mozos*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de orientación
- Tutores/as

Indicadores de avaliación

- Núm. de obradoiros realizados
- Núm. de mozas e mozos participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2019

Actuación 3.6.

- *Elaboración de guías para fomentar as boas prácticas en coeducación*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Profesorado

Indicadores de avaliación

- Nº de guías elaboradas
- Canle de difusión

Temporalidade

- 2021

Actuación 3.7.

- *Participar en actividades dirixidas a fomentar o emprendemento feminino entre o alumnado*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Profesorado

Indicadores de avaliación

- Núm. de actividades
- Núm. de alumnas e alumnos participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

6.4. Liña 4: Modelo de convivencia igualitario

Obxectivo

Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade

Actuación 4.1.

- *Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Dos Dereitos Humanos, Día da Ciencia...)*

Implicación na execución

- Departamento de Orientación
- Responsables de departamentos
- Titores/as
- Profesorado

Indicadores de avaliación

- Núm. de actuacións que inclúen a perspectiva de xénero
- Nivel de implicación do profesorado

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.2.

- *Continuar promovendo e mellorando as actuacións e actividades o día 8 de marzo e 25 de novembro implicando a comunidade escolar*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Responsables de departamentos
- Profesorado
- ANPAS
- Familias

Indicadores de avaliación

- Núm. de actividades promovidas
- Núm. de persoas implicadas
- Nivel de implicación profesorado
- Nivel de implicación das ANPAS

- Nivel de implicación das familias

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.3.

- *Realizar obradoiros, charlas ou proxectos de promoción da igualdade en colaboración coa ANPAS e con outras asociacións (mulleres, veciñais, etc)*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Tutores/as
- Responsables de departamentos
- Profesorado
- ANPAS
- Familias

Indicadores de avaliación

- Núm. de obradoiros, charla ou proxectos realizados
- Núm. de persoas participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.4.

- *Realizar un protocolo de actuación básico para a abordaxe da violencia de xénero, condutas discriminatorios e outras condutas contrarias á convivencia*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Responsables de departamentos
- Profesorado
- ANPAS
- Familias

Indicadores de avaliación

- Elaboración do protocolo
- Canles de difusión

Temporalidade

- 2019

Actuación 4.5.

- *Participar en obradoiros de prevención da violencia de xénero en publicidade e cómics para alumnado de educación secundaria e bacharelato*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Profesorado

Indicadores de avaliación

- Núm. de obradoiros
- Núm. de persoas participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.6.

- *Compromiso de crear unha "Marcha contra a Violencia de Xénero" dirixida a todas as etapas educativas*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Responsables de departamentos
- Profesorado
- ANPAS
- Familias

Indicadores de avaliación

- Núm. de convocatorias realizadas
- Núm. de persoas participantes

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.7.

- *Participar en obradoiros de sensibilización e formación en ciberacoso e seguridade na rede dirixidos ao alumnado, profesorado e ANPAS*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Profesorado
- ANPAS

Indicadores de avaliación

- Núm. de obradoiros
- Núm. de persoas participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.8.

- *Formar a parte do alumnado en temas de igualdade para que poidan ser axentes de sensibilización co resto do alumnado creando unha Delegación Lila*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Profesorado

Indicadores de avaliación

- Núm. de alumnas e alumnos implicados
- Grado e implicación do profesorado

Temporalidade

- 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.9.

- *Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas...*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Profesorado
- ANPAS
- Familias

Indicadores de avaliación

- Núm. de campañas realizadas
- Núm. de persoas participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.10.

- *Realizar en colaboración co departamento de Deportes do Concello e o CIM actividades para a promoción de prácticas deportivas non sexistas*

Implicación na execución

- Centro de Información ás Mulleres
- Equipo directivo
- Profesorado de educación física
- ANPAS
- Departamento de Deportes

- Núm. de actividades realizadas
- Núm. de persoas participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.11.

- *Participación en xornadas formativas e obradoiros sobre hábitos de vida saudables, educación sexual e prevención de enfermidades de transmisión sexual*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Profesorado
- ANPAS
- Familias

Indicadores de avaliación

- Núm. de xornadas realizadas
- Núm. de persoas participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2019, 2020,2021 e 2022

Actuación 4.12.

- *Realización de obradoiros de educación afectivo-sexual e emocional dirixidos ao alumnado*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Profesorado

Indicadores de avaliación

- Núm. de obradoiros
- Núm. de persoas participantes
- Grao de satisfacción

Temporalidade

- 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.13.

- *Realización dun encontro anual co obxecto de facilitar o intercambio e difusión de boas prácticas entre os centros educativos*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Profesorado
- ANPAS
- Familias

Indicadores de avaliación

- Encontro realizado
- Núm. de persoas participantes
- Nivel de implicación do profesorado

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

Actuación 4.14.

- *Realización dun Pleno Municipal pola Igualdade co obxecto de recoller todas as achegas feitas polo alumnado a prol da igualdade*

Implicación na execución

- Equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Titores/as
- Profesorado

Indicadores de avaliación

- Realización do Pleno
- Núm. de alumnado participante
- Nivel de implicación do profesorado

Temporalidade

- 2019, 2020, 2021 e 2022

7. AVALIACIÓN

A avaliación é un proceso de mellora continuada das accións que se desenvolven que permite determinar a efectividade das actuacións realizadas.

O seguimento e avaliación do Plan é responsabilidade do Grupo de traballo de Centros Educativos pola Igualdade (CEPI) que será o encargado de valorar periodicamente o desenvolvemento de cada unha das súas medidas e actuacións, identificando e valorando os avances e os atrancos, a través dos indicadores establecidos no mesmo, e de realizar propostas de mellora.

Este Grupo de Traballo, CEPI, a iniciativa dalgunha das partes interesadas solicitará a convocatoria á entidade promotora polo menos dúas veces no curso académico, unha ao principio de curso, na que se planificarán as actuacións a levar a cabo, e outra ao finalizar, momento no que se avaliará o desenvolvemento das actuacións planificadas. O Cim de Bueu poderá, en calquera caso, realizar de oficio as convocatorias que considere precisas.

Como ferramentas de traballo para facilitar o sistema de avaliación do Plan, elaborárase unha ficha de seguimento e outra de avaliación das actuacións levadas a cabo. Realizarase de forma periódica e participará todo o centro.

ANEXOS

Anexo I. Ficha de seguimento das actuacións

FICHA DE SEGUIMENTO DAS ACTUACIÓNS DO I PLAN DE IGUALDADE INTERCENTROS (2019-2022)			
Liña	Actuación	Execución	
Centro			
<input type="checkbox"/> CEIP Plurilingüe A Pedra <input type="checkbox"/> CEIP Plurilingüe A Torre-Cela <input type="checkbox"/> CEIP Plurilingüe Montemogos <input type="checkbox"/> CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa <input type="checkbox"/> IES Illa de Ons <input type="checkbox"/> IES Johan Carballeira			
1	1.1.	<i>Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro (PE, CCC, PAT...) se contemplen obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre mulleres e homes</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	1.2.	<i>Difundir o Plan de Igualdade Intercentros entre toda a comunidade educativa</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	1.3.	<i>Promover a formación en igualdade do persoal do centro</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>			
1.4.	<i>Promover a participación do profesorado de cada centro na formación de prácticas coeducativas</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
<i>Actividades desenvolvidas:</i>			

1.5	Crear unha Comisión Permanente de Igualdade no centro, coa figura dun/dunha docente responsable na área de coeducación	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
1.6.	Promover o nomeamento dunha persoa coordinadora do Plan no centro (persoal docente) e outra dentro do Consello Escolar (nai/pai)	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
1.7	Promover o acceso en paridade aos ciclos formativos	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
1.8.	Promover a formación en igualdade no ensino de persoas adultas	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
1.9.	Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteña elementos discriminatorios e sexistas	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
1.10.	Revisar o contido da Web, plataformas, blogs... para darlle un enfoque coeducativo	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
1.11.	Integrar un espazo permanente para a Igualdade na páxina web do centro	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		

	1.12.	<i>Optar á implementación da materia de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	1.13.	<i>Crear un espazo na biblioteca do centro relacionado coa igualdade de xénero</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
2	2.1.	<i>Examinar os contidos e materiais empregados nos procesos educativos para evitar incluír elementos sexistas</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	2.2.	<i>Incorporar a perspectiva de xénero nas programacións didácticas dos distintos niveis e materias</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	2.3.	<i>Realizar actividades concretas nas programacións das materias dirixidas a visibilizar as achegas das mulleres á humanidade en diferentes ámbitos, incidindo especialmente nas mulleres do municipio (Ex. Feira de Ciencia e Literatura)</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	2.4.	<i>Adquirir recursos e materiais coeducativos para o centro</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		

	2.5.	<i>Potenciar o uso de materiais e libros de texto que non conteñan estereotipos sexistas</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>			
	2.6.	<i>Crear un banco de materiais coeducativos para compartir entre os centros</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>			
	2.7.	<i>Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>			
	2.8.	<i>Detectar situacións de desigualdade que se poidan dar no centro educativo, especialmente na aula</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>			
	2.9.	<i>Incorporar a materia de libre configuración autonómica de "igualdade de xénero"</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>			
	3	3.1.	<i>Incluír no Plan de Orientación e Acción Titorial actuacións dirixidas a promover a coeducación</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
		<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
3.2.		<i>Organizar sesións de tutoría enfocadas a realizar actividades de promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
<i>Actividades desenvolvidas:</i>				

	3.3.	<i>Incentivar proxectos coeducativos dirixidos ás ANPAS</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	3.4.	<i>Participar en obradoiros de elección profesional non sexistas dirixidos ao alumnado e as súas familias</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	3.5.	<i>Realizar obradoiros de corresponsabilidade e supervivencia doméstica para mozas e mozos</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	3.6.	<i>Elaboración de guías para fomentar as boas prácticas en coeducación</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>			
4	3.7.	<i>Participar en actividades dirixidas a fomentar o emprendemento feminino entre o alumnado</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	4.1.	<i>Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (Día da Paz, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día dos Dereitos Humanos, Día da Ciencia...)</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
	4.2.	<i>Promover actuacións e mellorando as actuacións e actividades o día 8 de marzo e 25 de novembro implicando a comunidade escolar</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
	<i>Actividades desenvolvidas:</i>		

4.3.	<i>Realizar obradoiros, charlas ou proxectos de promoción da igualdade en colaboración coa ANPAS e con outras asociacións (mulleres, veciñais, etc)</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.4.	<i>Realizar un protocolo de actuación básico para a abordaxe da violencia de xénero, conductas discriminatorios e outras condutas contrarias á convivencia</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.5.	<i>Participar en obradoiros de prevención da violencia de xénero en publicidade e cómics para alumando de educación secundaria e bacharelato</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.6.	<i>Compromiso de crear unha "Marcha contra a Violencia de Xénero" dirixida a todas as etapas educativas</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.7.	<i>Participar en obradoiros de sensibilización e formación en ciberacoso e seguridade na rede dirixidos ao alumnado, profesorado e ANPAS</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.8.	<i>Formar a parte do alumnado en temas igualdade para que sexa axente de sensibilización co resto do alumnado creando unha Delegación Lila</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		

4.9.	<i>Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas...</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.10.	<i>Realizar en colaboración co departamento de deporte do Concello e o CIM actividades coas familias para promover prácticas deportivas non sexistas</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.11.	<i>Participación en xornadas formativas e obradoiros sobre hábitos de vida saudables, educación sexual e prevención de enfermidades de transmisión sexual</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.12.	<i>Realización de obradoiros de educación afectivo-sexual e emocional dirixidos ao alumnado</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.13.	<i>Realización dun encontro anual co obxecto de facilitar o intercambio e difusión de boas prácticas entre os centros educativos</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		
4.14.	<i>Realización dun Pleno Municipal pola Igualdade co obxecto de recoller todas as achegas feitas polo alumnado a prol da igualdade</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
<i>Actividades desenvolvidas:</i>		

Anexo II. Ficha de avaliación das actuacións

FICHA DE AVALIACIÓN DAS ACTUACIÓNS	
DO I PLAN DE IGUALDADE INTERCENTROS (2019-2022)	
LIÑA ESTRATÉXICA DE INTERVENCIÓN (marque a actuación)	
Liña 1: Modelo de Escola Coeducativa Actuación: <input type="checkbox"/> 1.1. <input type="checkbox"/> 1.2. <input type="checkbox"/> 1.3. <input type="checkbox"/> 1.4. <input type="checkbox"/> 1.5. <input type="checkbox"/> 1.6. <input type="checkbox"/> 1.7. <input type="checkbox"/> 1.8. <input type="checkbox"/> 1.9. <input type="checkbox"/> 1.10. <input type="checkbox"/> 1.11. <input type="checkbox"/> 1.12. <input type="checkbox"/> 1.13.	
Liña 2: Desenvolvemento curricular non sexista Actuación: <input type="checkbox"/> 2.1. <input type="checkbox"/> 2.2. <input type="checkbox"/> 2.3. <input type="checkbox"/> 2.4. <input type="checkbox"/> 2.5. <input type="checkbox"/> 2.6. <input type="checkbox"/> 2.7. <input type="checkbox"/> 2.8. <input type="checkbox"/> 2.9.	
Liña 3: Orientación con enfoque de xénero Actuación: <input type="checkbox"/> 3.1. <input type="checkbox"/> 3.2. <input type="checkbox"/> 3.3. <input type="checkbox"/> 3.4. <input type="checkbox"/> 3.5. <input type="checkbox"/> 3.6. <input type="checkbox"/> 3.7.	
Liña 4: Modelo de convivencia igualitario Actuación: <input type="checkbox"/> 4.1. <input type="checkbox"/> 4.2. <input type="checkbox"/> 4.3. <input type="checkbox"/> 4.4. <input type="checkbox"/> 4.5. <input type="checkbox"/> 4.6. <input type="checkbox"/> 4.7. <input type="checkbox"/> 4.8. <input type="checkbox"/> 4.9. <input type="checkbox"/> 4.10. <input type="checkbox"/> 4.11. <input type="checkbox"/> 4.12. <input type="checkbox"/> 4.13. <input type="checkbox"/> 4.14.	
Data execución	/ /
	Duración <small>(hora, día, mes/es, ano/s)</small>
CENTROS ESCOLARES PARTICIPANTES	
<input type="checkbox"/> CEIP Pluri. A Pedra <input type="checkbox"/> CEIP Pluri. A Torre-Cela <input type="checkbox"/> CEIP Pluri. Montemogos	<input type="checkbox"/> CPR Pluri. Virxe Milagrosa <input type="checkbox"/> IES Illa de Ons <input type="checkbox"/> IES Johan Carballeira
NOME DA ACTIVIDADE	
Obxectivo/s da actividade	
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE	
RESPONSABLE PROXECTO (Cargo)	
AVALIACIÓN	
Implicación na execución	Participación na actividade
<input type="checkbox"/> Núm. de mulleres: <input type="checkbox"/> Núm. de homes:	<input type="checkbox"/> Núm. de mulleres: <input type="checkbox"/> Núm. de homes:
Grado de satisfacción da actividade <i>(Valore do 1 ao 5)</i>	
Grado de implicación na execución <i>(Valore do 1 ao 5)</i>	

Anexo III. Glosario de termos

Acción positiva

Medidas dirixidas a un grupo determinado coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

Androcentrismo

Termo que provén do grego andros (home) e define o masculino como medida de todas as cousas e representación global da humanidade, ocultando outras realidades, entre elas, a das mulleres.

Fenda de xénero

Medida estatística que mostra a distancia entre homes e mulleres respecto dun mesmo indicador. Utilízase para reflectir a brecha existente entre os sexos respecto das oportunidades de acceso e control dos recursos económicos, sociais, culturais e políticos.

Ciberacoso

É unha extensión do acoso nos medios tecnolóxicos e redes sociais, polo cal unha persoa (acosadora) trata de invadir a vida de outra (víctima) de forma repetitiva, enviándolle mensaxes ameazantes, intimidatorios ou chantaxistas. É un tipo de violencia que pode realizar calquera persoa, coñecida ou descoñecida, incluso a nosa parella ou antiga parella.

Cibercontrol

Consiste en empregar as redes sociais e as tecnoloxías de información e comunicación para facer un control e vixilancia continuada á parella, en función das horas de conexión, as amizades, comentarios, fotos que comparte, localización e persoas coas que mantén contacto na rede. É unha nova forma de controlar a parella.

Coeducación

A proposta pedagóxica na que a formación e a educación impártense en condicións de igualdade para ámbolos dous sexos e na que non se pon límites ás aprendizaxes a recibir por cada un deles.

Corresponsabilidade

Repartición equitativa das responsabilidades domésticas entre mulleres e homes.

Cota

Proporción de postos, escanos ou recursos que lle deben ser atribuídos a un colectivo específico. Con esta medida preténdese corrixir un desequilibrio, xeralmente en canto ao acceso a posicións de toma de decisións, oportunidades de formación ou postos de traballo.

Democracia paritaria

Concepto de sociedade integrada a partes iguais por mulleres e por homes na que a representación equilibrada de ambos os xéneros nas funcións decisorias da política é condición previa ao aproveitamento pleno e en igualdade da cidadanía.

Discriminación directa

Situación na que se trata a unha persoa dun modo desfavorable por razón do seu sexo.

Discriminación indirecta

Situación na que unha lei, unha política ou unha acción aparentemente neutrais teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro xénero.

Discriminación positiva

Medida que pretende garantir un resultado favorable na incorporación do colectivo discriminado a unha actividade determinada. Incide no momento de chegada.

Desigualdade de xénero

Distancia e/ou asimetría social entre mulleres e homes. Historicamente, as mulleres estiveron relegadas á esfera doméstica e os homes á esfera pública. Esta situación derivou en que as mulleres teñan un limitado acceso á riqueza, aos cargos, á representación e participación nos órganos de toma de decisións, a un emprego remunerado en igualdade cos homes e que sexan tratadas de forma discriminatoria.

División sexual do traballo

Categoría analítica que permite captar e comprender a inserción diferenciada de mulleres e homes no espectro das responsabilidades e obrigacións produtiva e reprodutivas que toda a sociedade constitúe para organizar a repartición de tarefas entre os seus membros.

Enfoque de xénero

Cando se fala de enfoque de xénero faise alusión a unha ferramenta conceptual que busca mostrar que as diferenzas entre mulleres e homes danse non só pola súa determinación biolóxica, senón tamén polas diferenzas culturais asignadas aos seres humanos.

Empoderamento

Concepto cunha dobre dimensión, unha individual, de recuperación da propia dignidade de cada muller como persoa; e outra colectiva, de carácter político, que pretende que as mulleres estean presentes nos lugares onde se toman as decisións, é dicir, que exerzan o poder.

Escola mixta

Modelo educativo no que conviven, nun mesmo espazo, alumnas e alumnos sen cuestionar a orde simbólica masculino nin incorporar os saberes e as expectativas das mulleres.

Estatísticas desagregadas por sexo

Comprenden aquelas fontes de información que desde o propio deseño conceptual e a través de todas as fases do proceso de construción de datos cuantitativos perseguen captar a especificidade da situación das mulleres con relación aos homes, é dicir, os aspectos que as distancian ou aproximan nunha variedade de ámbitos sociais.

Estereotipos de xénero

Estereotipos que reflicten as crenzas populares sobre as actividades, os roles, trazos, características ou atributos que caracterizan e distinguen ás mulleres dos homes.

Extorsión sexual

É un tipo de chantaxe sexual ou extorsión a unha persoa que se realiza a través das redes sociais e tecnolóxicas por medio dunha imaxe de certo contido sexual ou erótico que compartiu mediante sexting.A

persoa ameaza con publicar ou distribuír esa imaxe se non recibe outras de maior contido sexual ou lle envía cartos.

Feminismo

Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela e transgrede o sistema social imperante: o patriarcado. O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Femismo

É o fenómeno de discriminación e infravaloración dos homes por parte das mulleres.

Grooming

É unha práctica de acoso e abuso sexual a través das redes sociais por parte dunha persoa adulta para contactar con persoas de menor idade e gañar a súa confianza, crear vínculos emocionais e poder abusar delas sexualmente.

Igualdade

En coeducación, enténdese como igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas, independentemente do sexo ao que pertenza.

Inclusión

Acción de atender a diversidade de xénero educando en igualdade, intervindo sobre a construción da femineidade e da masculinidade, co obxectivo de corrixir desaxustes nos papeis tradicionalmente asignados a homes e mulleres.

Indicador

É unha medida numérica ou valor que describe unha situación ou condición dun fenómeno particular, nun período de tempo determinado e nun espazo xeográfico específico.

Permite mostrar, con base en indicadores cuantitativos, o avance dun programa ou acción, en que parte atópase con respecto ás metas, así como avaliar programas específicos e detectar o seu impacto.

Invisibilización

Proceso polo que certas persoas, acontecementos, actitudes, comportamentos, pasan desapercibidos pola interiorización dos patróns culturais nos que se está inmerso. No caso da cultura patriarcal isto provoca a desaparición das obras das mulleres ao longo da historia.

Linguaxe sexista

A linguaxe reflicte a nosa concepción do mundo e ao mesmo tempo colabora na construción das imaxes das persoas e os grupos sociais. Recoñécese como unha forma de exclusión que reforza a situación de discriminación cara ás mulleres e promove a xeración de estereotipos.

Machismo

Conxunto de actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento de actitudes discriminatorias contra as mulleres e contra os que teñen comportamentos de tipo feminino non sendo mulleres.

Mainstreaming ou transversalidade de xénero

Trátase dunha estratexia para o logro da igualdade mediante a incorporación da perspectiva de xénero en todas as etapas e niveis das políticas públicas.

Patriarcado

Sistema familiar, social, ideolóxico, político e económico caracterizado polo dominio do home en todos os ámbitos da sociedade.

Perspectiva de xénero

Enfoque que ten en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito.

Políticas de igualdade

Marcos referenciais de actuación política que consideran o principio de igualdade de trato e, a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadás, propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

Roles de xénero

Os roles ou papeis de xénero son comportamentos aprendidos nunha sociedade, comunidade ou grupo social determinado, que fan que os seus membros perciban como masculinas ou femininas certas actividades, tarefas e responsabilidades e as xerarquicen e valoricen de maneira diferenciada

Sistema sexo / xénero

Sistema sociocultural polo que se asocia ao sexo reprodutivo un conxunto de valores, crenzas e actitudes. O concepto xénero fai referencia ás diferenzas sociais, por oposición ás biolóxicas entre homes e mulleres (sexo). Estas diferenzas foron aprendidas, mudan co tempo e representan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.

Sexismo

Conxunto de métodos empregados no seo da sociedade androcéntrica que determinan unha situación de inferioridade, subordinación e explotación para o colectivo feminino ou masculino. O sexismo abrangue todos os ámbitos da vida e das relacións humanas; a linguaxe é un factor importante na súa superación.

Sexting

Refírese ao envío de contidos privados a través do teléfono móbil no que se amosan fotografías ou vídeos de amizades ou persoas coñecidas de carácter sexual ou privado. É un método de chantaxe ou ridiculización de quen aparece nas imaxes.

Socialización de xénero

Proceso a través do cal as mulleres e os homes aprenden e interiorizan as normas, valores e roles que a sociedade designa de forma diferenciada a cada un dos sexos.

Teito de cristal

Barreira invisible resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polo colectivo masculino que lles impide ás mulleres acceder a postos destacados socialmente.

Uso non sexista da linguaxe

Consiste na utilización de expresións lingüísticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que fan invisible o feminino ou o sitúan nun plano secundario con respecto ao masculino.

Violencia de xénero

Enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada. (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

Visibilización

Acción de sacar á luz o legado das mulleres e tratar de reparar así a inxustiza cometida por ocultar o seu paso e as súas pegadas na historia.

